



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo dispuesto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguiente **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito en relación con las actuaciones en el Corredor Atlántico en 2025 en Galicia.**

El secretario de Estado de Transportes y Movilidad Sostenible ha anunciado durante una jornada sobre el «Avance del Corredor Atlántico» en Gijón que el Gobierno ya ha licitado 1002 millones de euros en infraestructuras ferroviarias en el Corredor Atlántico en este primer trimestre del año, destacando que, en todo 2024, se licitaron 1420 millones.

Recalcó algunas de las actuaciones más destacadas, si bien, entre las mencionadas para el primer trimestre no hubo ninguna referencia a las infraestructuras ferroviarias gallegas cuando a finales de enero el Ministerio llevó a cabo la constitución del grupo de trabajo que el ministro de Transportes había anunciado para agilizar las inversiones en el Corredor Atlántico en Galicia. Con motivo de la creación del citado grupo de trabajo, coordinado por el comisionado, se indicó que se celebrarían reuniones periódicas para informar sobre los avances en cada una de las infraestructuras incluidas, tanto en la red básica con horizonte temporal 2030, como en la red global.

Cabe recordar que el Plan Director del Corredor establece una inversión de 4561 millones en Galicia hasta 2030, en concreto 3059 millones para actuaciones incluidas por la UE en la red básica y 1502 millones para actuaciones en la red global, y que el Gobierno anunció su intención de llegar hasta 2030.

Las actuaciones en las infraestructuras ferroviarias gallegas contempladas en el Corredor Atlántico son fundamentales para impulsar y mejorar el transporte de mercancías por ferrocarril en Galicia, un transporte vital para fomentar el dinamismo económico e industrial.

Algunas de las actuaciones destacadas en el ámbito ferroviario son la conexión con el Puerto Exterior de A Coruña, la mejora de la conexión ferroviaria Vigo-Guixar-Covas, la



salida sur de Vigo (con los tramos Vigo – Porriño y Guillarei-Tui) o la conexión Santiago-Ourense-A Gudiña. Sin olvidar la modernización y remodelación de las estaciones intermodales de A Coruña, Ourense, Lugo, Vigo y Santiago.

En relación con las actuaciones previstas en Galicia, el comisionado ha indicado que la mitad de ellas están en ejecución o finalizadas y la otra mitad en planificación, con un total de 15 finalizadas, 26 aún en ejecución, 17 en fase de proyecto y 39 en planificación.

Teniendo en cuenta cuanto antecede, consideramos de interés que el Ministerio informe sobre el estado actual de cada una de estas actuaciones contempladas en el Corredor Atlántico en Galicia y sobre las previsiones de licitación para este año 2025.

**Por todo lo expuesto, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Puede el Ministerio de Transportes informar sobre el estado de las actuaciones en las infraestructuras ferroviarias gallegas contempladas en el Corredor Atlántico?
2. ¿Cuáles son las obras concretas de entre las 15 finalizadas, las 26 que continúan en fase de ejecución, las 17 en proyecto y las 39 en proyecto indicadas por el Comisionado?
3. ¿Cuáles son los plazos de finalización previstos para las obras en ejecución y el calendario que se maneja para las actuaciones en fase de proyecto o planificación?
4. ¿Cuál es el estado de ejecución del transporte intermodal y el horizonte temporal de finalización?
5. ¿En concreto, cuándo estará listo el Estudio Informativo de la salida sur de Vigo?  
¿Cuál es el calendario previsto de ejecución?
6. ¿Teniendo en cuenta que en el primer trimestre de este año el Ministerio anunció que ya había licitado 1002 millones de euros en infraestructuras ferroviarias para el Corredor Atlántico, qué parte de esa cantidad se destinó a infraestructuras gallegas?
7. ¿Qué actuaciones en las infraestructuras ferroviarias de Galicia en el marco del Corredor se van a licitar en 2025?

Madrid, a 20 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

20 ABR. 2025 22:10:50

Entrada **65663**

## Sobre a licitación de actuacións no Corredor Atlántico en 2025 na Galiza.

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á licitación de actuacións no Corredor Atlántico en 2025 na Galiza.**

O Secretario de Estado de Transportes e Mobilidade Sustentábel anunciou nunhas xornadas sobre o “Avance do Corredor Atlántico” en Xixón, que o Goberno licitou xa 1.002 millóns de euros en infraestruturas ferroviarias no Corredor Atlántico neste primeiro trimestre do ano, salientando que, en todo o ano 2024, se licitaran 1.420 millóns.

Destacou algunhas das actuacións máis destacadas, porén, entre as mencionadas para o primeiro trimestre non houbo ningunha referencia ás infraestruturas ferroviarias galegas cando a finais de xaneiro o Ministerio levou a cabo a constitución do grupo de traballo que anunciara o Ministro de Transportes para axilizar os investimentos do Corredor Atlántico na Galiza. Con motivo da creación do citado grupo de traballo, coordinado polo Comisionado, indicouse que se farían reunións periódicas para informar dos avances en cada unha das infraestruturas incluídas, tanto na rede básica con horizonte temporal no 2030, como na rede global.

É preciso lembrar que o Plan Director do Corredor establece un investimento de 4.561 millóns na Galiza até o 2030, 3.059 millóns para actuación incluídas pola UE na rede básica e 1.502 millóns para actuacións na rede global, e que o Goberno anunciou tiña intención de adiantar a 2030.

As actuacións nas infraestruturas ferroviarias galegas contempladas no Corredor Atlántico son fundamentais para impulsar e mellorar o transporte





ferroviario de mercadorías na Galiza, un transporte vital para incentivar o dinamismo económico e industrial.

Algunhas das actuacións destacadas en materia ferroviaria son a conexión co Porto Exterior da Coruña, a mellora da conexión ferroviaria Vigo-Guixar-Covas, a saída sur de Vigo (cos tramos Vigo – Porriño e Guillarei-Tui) ou a conexión Santiago-Ourense-A Gudiña. Sen esquecer a modernización e remodelación das estacións intermodais da Coruña, Ourense, Lugo, Vigo e Santiago.

En relación ás actuacións previstas na Galiza, o Comisionado sinalou que a metade delas están en execución ou finalizadas e, a outra metade, está en planificación, cifrando en 15 as finalizadas, en 26 as que continúan en execución, en 17 en proxecto e 39 en planificación.

Dado o exposto, consideramos de interese que o Ministerio informe sobre o estado actual de cada unha destas actuacións contempladas no Corredor Atlántico na Galiza e as previsións de licitación para este ano 2025.

**Por todo o exposto, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Pode o Ministerio de Transportes informar sobre o estado das actuacións nas infraestruturas ferroviarias galegas contempladas no Corredor Atlántico?
2. Cales son as obras concretas dentro das 15 finalizadas, as 26 as que continúan en execución, as 17 en proxecto e as 39 en planificación indicadas polo Comisionado?
3. Cales son os prazos de finalización previstos para as obras en execución e o calendario que se manexa para as actuacións en proxecto ou planificación?
4. Cal é a situación de execución das intermodais e horizonte temporal de finalización?



5. Especialmente, cando vai estar listo o Estudo Informativo da saída sur de Vigo? Cal é o calendario previsto de execución?
6. Dado que no primeiro trimestre deste ano o Ministerio anunciou que licitou xa 1.002 millóns de euros en infraestruturas ferroviarias do Corredor Atlántico, que parte desa cantidade foi destinada a infraestruturas galegas?
7. Que actuacións nas infraestruturas ferroviarias da Galiza no marco do Corredor vai licitar neste ano 2025?

Madrid, a 20 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**